



Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Presentación

A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE MINAS oferta para o curso académico 2016-2017 graos e másters totalmente adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior:

GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

Este título proporciona a formación adecuada e de alto nivel aos futuros profesionais que van desenvolver a súa actividade na área da enxeñaría dos procesos enerxéticos desde as fontes de enerxía e a súa xeración para as súas distintas aplicacións, fornecendo, ademais, a formación precisa para desenvolver tecnoloxías e sistemas eficientes e sostibles.

O Grao en ENXEÑARÍA DA ENERXÍA pola Universidade de Vigo **non capacita para profesión regulada** e pretende a formación de enxeñeiros graduados para a súa incorporación aos diferentes sectores da industria da enerxía, desde a produción, pasando pola transformación ata o seu uso e xestión. Por iso definíronse dúas intensificacións:

- Mención en Tecnoloxías Enerxéticas, que pretende fornecer a formación adecuada e de alto nivel aos futuros profesionais que van exercer na área da enxeñaría dos procesos enerxéticos desde as fontes de enerxía e a súa xeración para as súas distintas aplicacións.
- Mención en Eficiencia Enerxética que pretende fornecer a formación precisa para desenvolver tecnoloxías e sistemas eficientes e sostibles.

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

Este título proporciona a formación adecuada e de alto nivel aos futuros profesionais para a exploración, investigación, explotación, beneficio, elaboración, transformación e utilización dos recursos naturais, así como nas tecnoloxías propias dos materiais, desde a súa obtención ata o seu uso, actividades todas elas que han de levarse a cabo de forma segura, rendible e ambientalmente aceptable.

O Grao en ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS pola Universidade de Vigo ten como obxectivo xeral proporcionar aos graduados/as **a formación e as competencias necesarias que lles habiliten para o exercicio da profesión regulada por lei de ENXEÑEIRO TÉCNICO DE MINAS** en 3 das 5 tecnoloxías específicas propias da profesión. Por iso propóñense tres Intensificacións:

- Mención en Explotación de Minas
- Mención en Enxeñaría de Materiais
- Mención en Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA DE MINAS

Este Máster pretende fornecer a formación adecuada e de alto nivel aos futuros profesionais para a exploración, investigación, explotación, beneficio, elaboración, transformación e utilización dos recursos mineiros (rocas e minerais, augas subterráneas, augas mineiras e termais, ...) e enerxéticos (petróleo, gas natural, ...) na Terra e outros recursos xeolóxicos, como o espazo subterráneo, actividades todas elas que han de levarse a cabo de forma segura, rendible e ambientalmente aceptable. O Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo **habilita para a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas**.

MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN XEOINFORMÁTICA

O Máster Interuniversitario en Xeoinformática polas Universidades de Vigo e Coruña nace como un título de alta especialización para xerar profesionais orientados ó mercado da industria xeoespacial. A industria xeoespacial é un dos

sectores que máis rapidamente creceu nos últimos anos debido as diferentes aplicacións relacionadas con sistemas de posicionamento global, sistemas de información xeográfica, dispositivos móbiles ou teledetección satelital.

Equipo Directivo y Coordinacion

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora

Natalia Caparrini Marín (directorminas@uvigo.es)

Subdirector de Programas de Intercambio e RRII

Higinio González Jorge (oriminas@uvigo.es)

Subdirector de Infraestructuras e AAEE

David Patiño Vilas (infraestructurasminas@uvigo.es)

Subdirectora Xefa de Estudos

María Araújo Fernández (orgdocente.minas@uvigo.es)

Secretaria

Ángeles Saavedra González (secretariaminas@uvigo.es)

COORDINACIÓN:

O Procedemento de Coordinación Docente da ETSE de Minas configúrase como o instrumento a través do cal deséñase o contido e a execución das distintas accións relativas á coordinación docente dos títulos adscritos ao centro, dado que a coordinación do conxunto de actividades resulta clave para o adecuado aproveitamento do alumnado.

O sistema de coordinación constitúe un elemento fundamental na introdución dos novos obxectivos e metodoloxías e, sobre todo, servirá para profundar nunha mellor e maior conexión entre docentes e entre estes e o Centro.

GRAO EE: David Patiño Vilas patinho@uvigo.es

GRAO ERME: Maria Araujo Fernandez maraujo@uvigo.es

MÁSTER UEM: Elena Alonso Prieto ealonso@uvigo.es

MÁSTER XI: Higinio González Jorge higiniog@uvigo.es

PAT: Itziar Goicoechea Castaño igoicoechea@uvigo.es

1º CURSO GRAOS: Elena Gonzalez Rodriguez elena@uvigo.es

2º CURSO GRAOS: Eduardo Giráldez Pérez egiraldez@uvigo.es

3º e 4º CURSO GRAO EE: Pablo Eguía Oller peguia@uvigo.es

3º e 4º CURSO GRAO ERME: Fernando García Bastante bastante@uvigo.es

1º e 2ª CURSO MÁSTER UEM: Teresa Rivas Brea trivas@uvigo.es

PRÁCTICAS EXTERNAS: Javier Taboada Castro jtaboada@uvigo.es

DIFUSIÓN: Marta Cabeza Simó mcabeza@uvigo.es

CALIDADE: Ángeles Saavedra González saavedra@uvigo.es

Paxina Web Escola

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Materias**Curso 3**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---------------|--|--------------|-----------|
| V09G290V01502 | Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos | 1c | 9 |
| V09G290V01503 | Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable | 1c | 9 |
| V09G290V01504 | Tecnoloxía eléctrica I | 1c | 6 |
| V09G290V01601 | Recursos, instalacións e centrais hidráulicas | 2c | 6 |
| V09G290V01602 | Tecnoloxía eléctrica II | 2c | 6 |
| V09G290V01604 | Instalacións de enerxías renovables | 2c | 6 |
| V09G290V01605 | Enxeñaría nuclear | 2c | 6 |
| V09G290V01606 | Transmisión de calor aplicada | 1c | 6 |
| V09G290V01608 | Motores e turbomáquinas térmicas | 2c | 6 |

DATOS IDENTIFICATIVOS**Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos | | | |
| Código | V09G290V01502 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría da Enerxía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Enxeñaría química | | | |
| Coordinador/a | Domínguez Santiago, Angeles | | | |
| Profesorado | Domínguez Santiago, Angeles | | | |
| Correo-e | admiguez@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Tras iniciar aos alumnos nos balances de materia e enerxía, transmitenselles os fundamentos das operacións unitarias máis empregadas na industria e introdúceselles no ámbito dos reactores químicos. Tamén se lles expoñen os fundamentos dos procesos aos que son sometidos os recursos enerxéticos fósiles antes da súa utilización e coméntanselles as sínteses de diferentes materias orgánicas moi utilizadas na vida diaria. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| C24 | Capacidade para o deseño e xestión de procedementos de experimentación aplicada, especialmente para a determinación de propiedades termodinámicas e de transporte, e modelado de fenómenos e sistemas no ámbito da enxeñaría química, sistemas con fluxo de fluídos, transmisión de calor, operacións de transferencia de materia, cinética das reaccións químicas e reactores. |
| C25 | Coñecementos sobre balances de materia e enerxía, biotecnoloxía, transferencia de materia, operacións de separación, enxeñaría da reacción química, deseño de reactores, e valoración e transformación de materias primas e recursos enerxéticos. |
| C26 | Operacións básicas de procesos. |
| C27 | Procesos de refino, petroquímicos e carboquímicos |
| D1 | Capacidade de interrelacionar tódolos coñecementos adquiridos, interpretándoos como compoñentes dun corpo do saber cunha estrutura clara e unha forte coherencia interna. |
| D3 | Propor e desenvolver solucións prácticas, utilizando os coñecementos teóricos, a fenómenos e situacións-problema da realidade cotiá propios da enxeñaría, desenvolvendo as estratexias adecuadas. |
| D5 | Coñecer as fontes necesarias para dispor dunha actualización permanente e continua de toda a información precisa para desenvolver o seu labor, accedendo a todas as ferramentas, actuais e futuras, de procura de información e adaptándose aos cambios tecnolóxicos e sociais. |
| D8 | Concibir a enxeñaría nun marco de desenvolvemento sustentable con sensibilidade cara temas medioambientais. |
| D10 | Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, desenvolvendo valores propios da dinámica do pensamento científico, mostrando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinións ou situacións diversas, en particular en materia de non discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto aos dereitos fundamentais, accesibilidade, etc. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|-----|
| Coñecer e comprender os aspectos básicos das operacións de separación e dos reactores químicos. | C24 | D1 |
| | C25 | D3 |
| | C26 | D5 |
| | | D10 |
| Coñecer os procesos utilizados para a obtención de produtos combustibles e de materias primas petroquímicas. | C27 | D1 |
| | | D5 |
| | | D8 |
| | | D10 |
| Coñecer as técnicas de medida das propiedades dos combustibles. | | D1 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Tema 1.- Introducción | Introducción. Conceptos xerais. |
| Tema 2.- Balances de materia e enerxía | Balances de materia en sistemas en estado estacionario e non estacionario con e sen reacción química. Balances de enerxía en sistemas con reacción química. |
| Tema 3.- Operacións de separación | Operacións básicas basadas na transferencia de materia. Rectificación de mesturas líquidas Extracción líquido-líquido: contacto sinxelo e múltiple Absorción de gases. |
| Tema 4.- Reactores químicos | Reactores ideais isotérmicos: ecuacións de deseño. Introdución aos reactores catalíticos. |
| Tema 5.- Industria do gas natural e petróleo | Gas natural: especificacións e acondicionamento Fraccionamiento do petróleo. Reformado, craqueo, alquilación e coquización. Purificación de fraccións. Mesturado de produtos. |
| Tema 6.- Procesos petroquímicos | Compostos derivados do metano Compostos derivados do etileno Compostos derivados do propileno Compostos derivados do benceno |
| Tema 7.- Procesos carboquímicos: aproveitamento tecnolóxico do carbón | Pirogenación Hidroxenación Gasificación |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 44 | 76 | 120 |
| Resolución de problemas | 20 | 40 | 60 |
| Traballos de aula | 6 | 3 | 9 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 4 | 20 | 24 |
| Probas de resposta curta | 2 | 10 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición oral e directa, por parte do profesor, dos coñecementos principais correspondentes aos temas da materia en cuestión. |
| Resolución de problemas | O profesor propón aos alumnos unha serie de problemas para que traballen sobre eles na casa, antes de que aquel os resolva na clase. |
| Traballos de aula | Traballos sobre problemas propostos |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Os alumnos poderán consultar ao profesor, nas horas de tutorías, cantas dúbidas teñan sobre aspectos teóricos e prácticos vinculados coa materia. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Traballos de aula | Se traballará sobor problemas propostos | 10 | C24 D3 C25 C26 |
| | Resultados de aprendizaxe: Coñecer e comprender os aspectos básicos das operacións de separación e dos reactores químicos | | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | A destreza acadada polos alumnos para resolver casos prácticos será avaliada mediante estas probas. | 55 | C25 D1 C26 D3 D5 D10 |
| | Resultados de aprendizaxe: Coñecer e comprender os aspectos básicos das operacións de separación e dos reactores químicos. | | |

| | | | | |
|---|----------------------------|----|-----|-----------------|
| Probas de resposta curta | Exámen de preguntas curtas | 35 | C27 | D1 D8 D10 |
| Resultados de aprendizaxe: Coñecer e comprenderos procesos utilizados para a obtención de produtos combustibles e de materias primas petroquímicas. Coñecer as técnicas de medida de propiedades dos combustibles. | | | | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

CON RESPECTO AO EXAME DE XULLO (2ª convocatoria), MANTERASE A CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE AULA

Calendario de exames:

- Convocatoria Fin de Carreira: 07/09/2017
- Convocatoria ordinaria 1º período: 20/12/2017
- Convocatoria extraordinaria xullo: 21/06/2018

Esta información pódese verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Himmelblau, D.M., **Basic principles and calculations in chemical engineering**, 6, Prentice-Hall, 1996
- McCabe, W.L. Smith J.C., Harriot P., **Operaciones Unitarias en Ingeniería Química**, 7, McGraw-Hill, 2007
- Gary, J.H., Handwerk, G.E., Kaiser M.J., **Petroleum refining technology and economics**, 5, CRC Press, 2007

Bibliografía Complementaria

- Ramos Carpio, M.A., **Refino del petróleo, gas natural y petroquímica**, 1, Fundación Fomento Innovación Industrial, 1997
- Izquierdo, J.F., Costa, J., Martínez E., Izquierdo, M., **Introducción a la Ingeniería Química: problemas resueltos de balances de materia y energía**, 1, Reverté, 2011

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Física: Física I/V09G290V01102
- Física: Física II/V09G290V01202
- Matemáticas: Cálculo I/V09G290V01104
- Matemáticas: Cálculo II/V09G290V01204
- Química: Química/V09G290V01105

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable | | | |
| Código | V09G290V01503 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría da Enerxía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos | | | |
| Coordinador/a | Araújo Fernández, Enrique José | | | |
| Profesorado | Araújo Fernández, Enrique José Rodríguez Fernández-Arroyo, Juan Ignacio | | | |
| Correo-e | earaujofdz@gmail.com | | | |
| Web | http://fatic.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | A asignatura "Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable" recolle unha ampla variedade de temas distintos como indica o nome, ao aglutinar diversas competencias específicas recollidas na memoria do Grao en EE e o Grao en ERME | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| C23 | Capacidade para o deseño de centrais eléctricas. |
| C24 | Capacidade para o deseño e xestión de procedementos de experimentación aplicada, especialmente para a determinación de propiedades termodinámicas e de transporte, e modelado de fenómenos e sistemas no ámbito da enxeñaría química, sistemas con fluxo de fluídos, transmisión de calor, operacións de transferencia de materia, cinética das reaccións químicas e reactores. |
| C28 | Enerxías alternativas e uso eficiente da enerxía |
| C29 | Coñecementos aplicados de enxeñaría térmica. |
| C30 | Coñecemento aplicado sobre enerxías renovables |
| C31 | Loxística e distribución enerxética |
| C32 | Aproveitamento, transformación e xestión dos recursos enerxéticos |
| C33 | Industrias de xeración, transporte, transformación e xestión da enerxía eléctrica e térmica. |
| D1 | Capacidade de interrelacionar tódolos coñecementos adquiridos, interpretándoos como compoñentes dun corpo do saber cunha estrutura clara e unha forte coherencia interna. |
| D3 | Propor e desenvolver solucións prácticas, utilizando os coñecementos teóricos, a fenómenos e situacións-problema da realidade cotiá propios da enxeñaría, desenvolvendo as estratexias adecuadas. |
| D5 | Coñecer as fontes necesarias para dispor dunha actualización permanente e continua de toda a información precisa para desenvolver o seu labor, accedendo a todas as ferramentas, actuais e futuras, de procura de información e adaptándose aos cambios tecnolóxicos e sociais. |
| D8 | Concibir a enxeñaría nun marco de desenvolvemento sustentable con sensibilidade cara temas medioambientais. |
| D10 | Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, desenvolvendo valores propios da dinámica do pensamento científico, mostrando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinións ou situacións diversas, en particular en materia de non discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto aos dereitos fundamentais, accesibilidade, etc. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|-----|
| Comprender os aspectos básicos de caldeiras e a produción de enerxía térmica | C24 | D1 |
| | C29 | D3 |
| | C32 | D5 |
| | C33 | D8 |
| | | D10 |
| Comprender os aspectos básicos de centrais térmicas convencionais | C23 | D1 |
| | C24 | D3 |
| | C29 | D5 |
| | C31 | D8 |
| | C32 | D10 |
| | C33 | |

| | | |
|---|-----|-----|
| Comprender os aspectos básicos de caldeiras de sistemas e variables de control para máquinas térmicas en procesos de xeneración de enerxía eléctrica | C23 | D1 |
| | C24 | D3 |
| | C29 | D5 |
| | C32 | D8 |
| | | D10 |
| Profundizar nas técnicas de aproveitamento de combustibles fósiles e combustibles renovabeis para su uso nunha central térmica | C24 | D1 |
| | C28 | D3 |
| | C29 | D5 |
| | C30 | D8 |
| | C31 | |
| | C32 | |
| | C33 | |
| Comprender os aspectos básicos da radiación solar e os seus aproveitamentos para a produción de enerxía térmica e eléctrica | C24 | D1 |
| | C28 | D3 |
| | C30 | D5 |
| | C32 | D8 |
| | C33 | D10 |
| Coñecer a base tecnolóxica sobre a que se apoyan as investigacións máis recentes relativas o aproveitamento de enerxías renovabeis, en particular para a produción de enerxía térmica | C28 | D1 |
| | C29 | D3 |
| | C30 | D5 |
| | C32 | D8 |
| | C33 | D10 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1.- Conversión e transporte de enerxía | - Fontes Enerxéticas - Estrutura do consumo - Previsión da demanda |
| 2.- Combustibles e procesos de combustión | - Estudo da natureza e uso dos distintos combustibles: sólidos, líquidos e gaseosos - Estudo dos procesos de combustión |
| 3.- Enerxías renovables para uso térmico | - Solar - Biomasa - RSU - Xeotérmica |
| 4.- Caldeiras, fornos e queimadores | - Tipos de caldeiras - Balance enerxético e perdas en fornos - Queimadores por tipo de combustible |
| 5.- Central térmica convencional | - Repaso ciclos termodinámicos de Rankine, Brayton e Ciclo Combinado - Esquema dun central térmica convencional - Esquema dun central térmica de Ciclo combinado - Operación de centrais. Impactos ambiental |
| 6.- Tecnoloxía Solar térmica | - Aplicacións da enerxía solar térmica a baixa temperatura - Centrais termosolares |
| 7.- Introducción ao Frío e ao Aire acondicionado | |
| 8.- Introducción aos motores térmicos | |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | 5 | 2.5 | 7.5 |
| Traballo tutelado | 5 | 30 | 35 |
| Prácticas de laboratorio | 7 | 7 | 14 |
| Prácticas en aulas informáticas | 6 | 6 | 12 |
| Resolución de problemas | 6 | 20.5 | 26.5 |
| Lección maxistral | 50 | 80 | 130 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------------------|--|
| Saídas de estudo/prácticas de campo | Organizarase unha vista a unha ou varias instalacións de interese dentro da Comunidade Autónoma de Galicia |

| | |
|---------------------------------|--|
| Traballo tutelado | <p>Ofreceráse a posibilidade de elixir unha central ou instalación real que utilice unha fonte enerxética concreta para o seu estudo, ata alcanzar un total de 8-10 instalacións do mesmo recurso. Cada Alumno deberá realizar unha descrición técnica e histórica de como se chegou ata o presente. A modo de exemplo as instalacións serán representativas dalgunha das seguintes tecnoloxías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - CENTRAL TERMICA DE CARBÓN - CENTRAL DE COMBUSTIBLE GAS - CENTRAL DE COGENERACIÓN - CENTRAL DE CICLO COMBINADO - CENTRAL DE CO-COMBUSTION DE BIOMASA - CENTRAL TERMOSOLAR <p>Este traballo en grupo consistirá nunha exposición pública ou alternativamente nun exposición en forma de debate, dependendo das circunstancias e posibilidades do calendario académico.</p> |
| Prácticas de laboratorio | As prácticas permitirán observar de maneira sinxela fenómenos relacionadas coa materia en instalacións de tipo didáctico nos laboratorios da Escola |
| Prácticas en aulas informáticas | As prácticas permitirán resolver de maneira sinxela fenómenos e problemas relacionadas coa materia |
| Resolución de problemas | Clase clásica de exposición de coñecementos aplicados á resolución de exercicios e problemas |
| Lección maxistral | Clase clásica de exposición de coñecementos teróricos e de exemplos ou problemas |

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

| | |
|-------------------|--|
| Traballo tutelado | Os traballos individuais/grupo serán titorizados nos grupos C para definir obxectivos, extensión, fontes de información etc. |
|-------------------|--|

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|-------------------------|--|---------------|--|
| Traballo tutelado | <p>O traballo individual presentarase por escrito e avaliarase de acordo ao establecido na fase de titorización. A parte do traballo en grupo será avaliado nun debate en presenza de toda a clase ou nunha exposición pública.</p> <p>RESULTADOS DA APRENDIZAXE Comprender os aspectos básicos de caldeiras e a produción de enerxía térmica e os aspectos básicos de centrais térmicas convencionais. Comprender os aspectos básicos de caldeiras de sistemas e variables de control para máquinas térmicas en procesos de xeración de enerxía eléctrica. Profundar nas técnicas de aproveitamento de combustibles fósiles e combustibles renovables para o seu uso nunha central térmica. Comprender os aspectos básicos da radiación solar e o seu aproveitamento para a produción de enerxía térmica e eléctrica. Coñecer a base tecnolóxica sobre a que se apoian as investigacións máis recentes relativas ao aproveitamento de enerxías renovables, en particular para a produción de enerxía térmica.</p> | 20-30 | C23 D1 C24 D3 C28 D5 C29 D8 C30 D10 C31 C32 C33 |
| Resolución de problemas | <p>Os contidos teóricos e exemplos así como os problemas e exercicios que se realizarán tanto nos grupos A como grupos tipo B, avaliaranse mediante un exame escrito que terá unha parte de teoría con preguntas breves e/ou desenvolvemento, mais unha parte de problemas que constituirá a parte principal da nota deste exame.</p> <p>RESULTADOS DA APRENDIZAXE Comprender os aspectos básicos de caldeiras e a produción de enerxía térmica e os aspectos básicos de centrais térmicas convencionais. Comprender os aspectos básicos de caldeiras de sistemas e variables de control para máquinas térmicas en procesos de xeración de enerxía eléctrica. Profundar nas técnicas de aproveitamento de combustibles fósiles e combustibles renovables para o seu uso nunha central térmica. Comprender os aspectos básicos da radiación solar e o seu aproveitamento para a produción de enerxía térmica e eléctrica. Coñecer a base tecnolóxica sobre a que se apoian as investigacións máis recentes relativas ao aproveitamento de enerxías renovables, en particular para a produción de enerxía térmica.</p> | 50-70 | C23 D1 C24 D3 C28 D8 C29 C30 C32 C33 |

| | | | | |
|----------------------|--|-------|--|----------|
| Lección maxistral | Os contidos teóricos e exemplos así como os problemas e exercicios que se realizarán tanto nos grupos A como grupos tipo B, avaliaranse mediante un exame escrito que terá unha parte de teoría con preguntas breves e/ou desenvolvemento, mais unha parte de problemas que constituirá a parte principal da nota deste exame. Poderanse realizar tamén exames parciais previos ao exame final. RESULTADOS DA APRENDIZAXE Comprender os aspectos básicos de caldeiras e a produción de enerxía térmica e os aspectos básicos de centrais térmicas convencionais. Comprender os aspectos básicos de caldeiras de sistemas e variables de control para máquinas térmicas en procesos de xeración de enerxía eléctrica. Profundar nas técnicas de aproveitamento de combustibles fósiles e combustibles renovables para o seu uso nunha central térmica. Comprender os aspectos básicos da radiación solar e o seu aproveitamento para a produción de enerxía térmica e eléctrica. Coñecer a base tecnolóxica sobre a que se apoian as investigacións máis recentes relativas ao aproveitamento de enerxías renovables, en particular para a produción de enerxía térmica. | 30-40 | C23 C24 C28 C29 C30 C31 C32 C33 | D1 D8 |
|----------------------|--|-------|--|----------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

En xullo gardarase a parte da nota obtida en traballo individual e do traballo de grupo.

Se o alumno desexa mellorar algunha destas cualificacións parciais deberá:

- 1.- Entregar un novo traballo individual para a parte correspondente ao traballo tutelado.
- 2.- Un traballo de análise sectorial equivalente ao traballo realizado en grupo, ou de preferir realizar un exame escrito do mesmo.

Calendario de exames:

- Convocatoria Fin de Carreira: 12/09/2017
- Convocatoria ordinaria 1º período: 18/01/2018
- Convocatoria extraordinaria Xullo: 26/06/2018

Esta información pódese verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

J. Moran Michael / N. Shapiro, Howard, **Fundamentals of Engineering Thermodynamics**, 5ª ed., Reverté, 2004

Bibliografía Complementaria

Glassman, Irvin, **Combustion**, 5ª ed., Academic Press, 2014

Romero Sedó, Antonio Manuel / Arrué Burillo, Paloma, **Diseño y cálculo de instalaciones de gases combustibles. Redes**, 1ª ed., Pearson, 2007

Mokhatab, Saeid / Y. Mak, John / V. Valappil, Jaleel / A. Wood, David, **Handbook of liquefied natural gas**, 1ª ed., Elsevier, 2014

Míguez Tabares, José Luis / Ortiz Torres, Luis / Vázquez Alfaya, Eusebio, **Producción Industrial de Calor**, 1ª ed., Tórculo, 1994

Márquez Martínez, Manuel, **Combustión y quemadores**, 1ª ed., Marcombo, 2005

L. Klass, Donald, **Biomass for Renewable Energy, Fuels, and Chemicals**, 1ª ed., Academic Press, 1998

Duffie, John A., **Solar engineering of thermal processes, Wiley Interscience**, 4ª ed., Wiley, 2013

Kehlhofer, Rolf / Rukes, Bert / Hannemann, Frank / Stirnimann Franz, **Combined-Cycle Gas Steam turbine power plants**, 1ª ed., PennWell, 2009

Wang, Shan K., **Handbook of air conditioning and refrigeration**, 2ª ed., McGraw-Hill, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enxeñaría nuclear/V09G290V01605

Motores e turbomáquinas térmicas/V09G290V01608

Transmisión de calor aplicada/V09G290V01606

Xestión da enerxía térmica/V09G290V01706

Tecnoloxía frigorífica e climatización/V09G290V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Física: Sistemas térmicos/V09G290V01306

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tecnoloxía eléctrica I**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Tecnoloxía eléctrica I | | | |
| Código | V09G290V01504 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría da Enerxía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Enxeñaría eléctrica | | | |
| Coordinador/a | Sueiro Domínguez, José Antonio | | | |
| Profesorado | Sueiro Domínguez, José Antonio | | | |
| Correo-e | sueiroja@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia preténdense conseguir os seguintes obxectivos: Comprender os aspectos básicos de xeración, transporte e distribución da enerxía eléctrica. Coñecer os elementos das centrais clásicas de xeración da enerxía eléctrica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas eólicos. Comprender o funcionamento dun aeroxerador. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación eólica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas solares fotovoltaicos. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación solar fotovoltaica. Coñecer os conceptos básicos de eficiencia enerxética. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| C22 | Coñecemento sobre sistemas eléctricos de potencia e as súas aplicacións. |
| C23 | Capacidade para o deseño de centrais eléctricas. |
| C28 | Enerxías alternativas e uso eficiente da enerxía |
| C30 | Coñecemento aplicado sobre enerxías renovables |
| C31 | Loxística e distribución enerxética |
| C32 | Aproveitamento, transformación e xestión dos recursos enerxéticos |
| C33 | Industrias de xeración, transporte, transformación e xestión da enerxía eléctrica e térmica. |
| D1 | Capacidade de interrelacionar tódolos coñecementos adquiridos, interpretándoos como compoñentes dun corpo do saber cunha estrutura clara e unha forte coherencia interna. |
| D3 | Propor e desenvolver solucións prácticas, utilizando os coñecementos teóricos, a fenómenos e situacións-problema da realidade cotiá propios da enxeñaría, desenvolvendo as estratexias adecuadas. |
| D5 | Coñecer as fontes necesarias para dispor dunha actualización permanente e continua de toda a información precisa para desenvolver o seu labor, accedendo a todas as ferramentas, actuais e futuras, de procura de información e adaptándose aos cambios tecnolóxicos e sociais. |
| D6 | Coñecer e manexar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de calquera dos aspectos do seu labor profesional. |
| D7 | Capacidade para organizar, interpretar, assimilar, elaborar e xestionar toda a información necesaria para desenvolver o seu labor, manexando as ferramentas informáticas, matemáticas, físicas, etc. necesarias para iso. |
| D8 | Concibir a enxeñaría nun marco de desenvolvemento sustentable con sensibilidade cara temas medioambientais. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----|
| Comprender os aspectos básicos de xeración, transporte e distribución da enerxía eléctrica | C22 | D1 |
| | C23 | D3 |
| | C28 | D5 |
| | C30 | D6 |
| | C31 | D7 |
| | C32 | D8 |
| | C33 | |
| Coñecer os elementos das centrais clásicas de xeración da enerxía eléctrica. | C22 | D1 |
| | C23 | D3 |
| | C31 | D5 |
| | C32 | D6 |
| | C33 | D7 |
| | | D8 |

| | | |
|--|-------------------|----------------------------------|
| Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas eólicas. Comprender o funcionamento dun aeroxerador. | C28 C30 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |
| Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación eólica | C28 C30 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |
| Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas solares fotovoltaicos | C23 C28 C30 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |
| Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación solar fotovoltaica. | C28 C30 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |
| Coñecer os conceptos básicos de eficiencia enerxética. | C28 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |

Contidos

| Tema | |
|--|--|
| Tema 1. Sistemas de xeración eléctrica. Centrais eléctricas clásicas e renovables. | Descrición do sistema eléctrico español. Centrais hidráulicas. Características e tipos. Centrais Térmicas. Características e tipos. Centrais minihidráulicas. Características e tipos. Centrais biomasa. Características e tipos Centrais Eólicas. Características e tipos. Centrais Solares térmicas. Características e tipos. Centrais Fotovoltaicas. Características e tipos. Pilas de combustible. Características Centrais xeotérmicas. Características e tipos Centrais mareomotrices. Características e tipos |
| Tema 2. Centros de Transformación. | Definición e xustificación. Clasificación. Elementos. Exemplos. Ventilación. Posta a terra. |
| Tema 3. Redes eléctricas de Baixa Tensión. | Redes aéreas para distribución en BT. Redes subterráneas para distribución en BT. Criterios para determinar a sección dos condutores. Cálculo de redes de distribución. Posición óptima dun Centro de Transformación. Previsión de cargas para subministracións en BT. |
| Tema 4. Aparamenta eléctrica. | Definición. Clasificación. Aparellos de manobra. Aparellos de transformación. Aparellos de protección. Técnicas de ruptura. |
| Tema 5. Protección contra contactos eléctricos. | Causas dos accidentes eléctricos. Efectos da corrente eléctrica. Circunstancias que se teñen que dar para que a corrente circule polo corpo. Factores que inflúen nos efectos. Protección das instalacións eléctricas contra contactos directos. Protección das instalacións eléctricas contra contactos indirectos. |
| Tema 6. Traballos en instalacións eléctricas | Definicións. Técnicas ou procedementos de traballo: traballos sen tensión, traballos en tensión, traballos en proximidade. Máquinas ferramentas: clasificación, seguridade, conservación e mantemento. Medicións en BT. Sinalización. |
| Tema 7. A eficiencia enerxética nos sistemas de enerxía eléctrica. | A eficiencia enerxética. Contribución do material eléctrico á eficiencia enerxética. A instalación eléctrica eficiente: contadores, sistemas de medida e xestión, cadros de mando e protección, cables, conexións, receptores, compensación da enerxía reactiva, sistemas de automatización e control, sistemas de ventilación. |

| Planificación | | | |
|---------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Lección maxistral | 20 | 55 | 75 |
| Resolución de problemas | 7 | 21 | 28 |
| Prácticas en aulas informáticas | 14 | 14 | 28 |
| Seminario | 5 | 0 | 5 |
| Debate | 0 | 1 | 1 |
| Prácticas de laboratorio | 6.5 | 6.5 | 13 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---------------------------------|---|
| | Descrición |
| Lección maxistral | O profesor exporá nas clases de grupos grandes os contidos da materia. |
| Resolución de problemas | Resolveranse problemas e exercicios tipo nas clases de grupos grandes e o alumno terá que resolver exercicios similares. |
| Prácticas en aulas informáticas | Realizaranse problemas e exercicios prácticos con soporte informático (procuras de información, uso de programas de cálculo,...) |
| Seminario | Presentación de temas de actualidade. |
| Debate | Debate sobre o presentado nos seminarios |
| Prácticas de laboratorio | Realización de prácticas no laboratorio do departamento e prácticas de campo |

| Atención personalizada | |
|---------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lección maxistral | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos durante as clase e no horario de titorías. Durante a clase só se atenderán as dubidas que se refiran a conceptos que se están explicando nese momento. |
| Resolución de problemas | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos durante as clase e no horario de titorías. Durante a clase só se atenderán as dubidas que se refiran a conceptos que se están explicando nese momento. |
| Prácticas en aulas informáticas | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos durante as clase e no horario de titorías. Durante a clase só se atenderán as dubidas que se refiran a conceptos que se están explicando nese momento. |
| Seminario | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos durante as clase e no horario de titorías. Durante a clase só se atenderán as dubidas que se refiran a conceptos que se están explicando nese momento. |
| Prácticas de laboratorio | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos durante as clase e no horario de titorías. Durante a clase só se atenderán as dubidas que se refiran a conceptos que se están explicando nese momento. |

| Avaliación | | | | |
|-------------------|---|---------------|---------------------------------------|----|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Lección maxistral | Avaliación dos contidos teóricos e prácticos por medio dun exame. | 70 | C22 | D1 |
| | RESULTADOS DA APRENDIZAXE: | | C23 | D3 |
| | Comprender os aspectos básicos de xeración, transporte e distribución da enerxía eléctrica. Coñecer os elementos das centrais clásicas de xeración da enerxía eléctrica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas eólicos. | | C28 | D5 |
| | Comprender o funcionamento dun aerogerador. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación eólica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas solares fotovoltaicos. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación solar fotovoltaica. Coñecer os conceptos básicos de eficiencia enerxética. | | C30 | D6 |
| | | | C31 | D7 |
| | | | C32 | D8 |
| | | | C33 | |

| | | | | |
|-------------------------|--|----|---|----------------------------------|
| Resolución de problemas | Avaliación dos contidos teóricos e prácticos por medio dun exame. RESULTADOS DA APRENDIZAXE: Comprender os aspectos básicos de xeración, transporte e distribución da enerxía eléctrica. Coñecer os elementos das centrais clásicas de xeración da enerxía eléctrica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas eólicas. Comprender o funcionamento dun aeroxerador. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación eólica. Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas solares fotovoltaicos. Capacidade para establecer a configuración básica dunha instalación solar fotovoltaica. Coñecer os conceptos básicos de eficiencia enerxética. | 30 | C22 C23 C28 C30 C31 C32 C33 | D1 D3 D5 D6 D7 D8 |
|-------------------------|--|----|---|----------------------------------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación Continua (EC, 30%)

Salvo que non haxa tempo, ao longo do cuadrimestre haberá un exame de cada un dos capítulos vistos en clase (Teoría+Práctica).

Exame Final (EF, 70%)

- Sesión Maxistral (40%)

No Exame Final (EF_SM) haberá un bloque de preguntas correspondente a cada un dos capítulos vistos en clase (Teoría+Prácticas)

-Resolución de problemas e/ou exercicios (30%)

No Exame Final (EF_RP) haberá varios problemas correspondentes aos capítulos vistos en clase (Teoría+Prácticas)

Nota Final (NF):

A Nota Final (NF) obterase aplicando a seguinte formula:

$$NF=(NEC+NEF_SM)+NEF_RP$$

